

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[1] [gal]

[A] PRIMEIRA PARTE. NORMAS DO CONCURSO

- [1] OBXECTO DO CONCURSO
- [2] TIPO DE CONCURSO
- [3] DESTINATARIOS DO CONCURSO
- [4] O XURADO
 - [4.1] COMPOSICIÓN
 - [4.2] CONSTITUCIÓN E ACORDOS
 - [4.3] FACULTADES
- [5] PREMIOS
- [6] DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO E PRAZOS

FASE I.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN (ANÓNIMA)

- [6.1] RETIRADA DE BASES E DOCUMENTACIÓN
- [6.2] FORMA DE PRESENTACIÓN
 - [6.2.1] CONTIDO DO SOBRE Nº 1 (Datos do concursante. Embalaxe único)
 - [6.2.2] CONTIDO DO SOBRE Nº 2 (Documentación do anteproxecto. Pode conter dous ou máis embalaxes)
 - [6.2.3] CONTIDO DO SOBRE Nº3 I (Proposición dun arquitecto como membro do xurado).
 - [6.2.4] LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

FASE II.- PROPOSTA DO XURADO E FALLO DO CONCURSO

- [6.2.5] PROPOSTA DO XURADO
- [6.2.6] MESA DE CONTRATACIÓN
- [6.2.7] FALLO DO CONCURSO

- [8] OBRIGAS DOS CONCURSANTES
- [9] ANUNCIOS
- [10] IDIOMA

[B] SEGUNDA PARTE. CONDICIÓN TÉCNICAS

- [11] SITUACIÓN. EMPRAZAMENTO.
- [12] PROGRAMA.
- [13] DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA AOS CONCURSANTES.

[C] TERCEIRA PARTE. RÉXIME XURÍDICO.

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[2] [gal]

PREGO DE BASES QUE REXERÁ NO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[A] PRIMEIRA PARTE. NORMAS DO CONCURSO

[1] Obxecto do concurso

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, convoca un concurso de ideas para os efectos de seleccionar un anteproxecto que sirva de base ao correspondente proxecto técnico -básico e de execución (incluído o estudo de seguridade e saúde)- dun novo edificio xudicial en Ourense.

[2] Tipo de concurso

É un concurso aberto, anónimo, que se encadra como de proxectos con intervención de xurado, regulado nos artigos 168 a 172 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, pola que se aproba a Lei de Contratos do sector Público (en adiante LCSP).

[3] Destinatarios do concurso

Poderán participar as persoas naturais ou xurídicas que, tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto deste concurso de ideas, e que acrediten debidamente o dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a súa execución (art. 43 a 47 da LCSP), non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 49 da LCSP.

Admítese tamén a participación de agrupacións de empresas de arquitectura que adopten a forma de UTE (Unión Temporal de Empresas) segundo resulta do artigo 49 da LCSP.

Non poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao, nin o persoal ao servizo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou do Concello de Ourense. Esta circunstancia deberá acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

[4] O Xurado

[4.1] Composición

O xurado estará formado por:

- Conselleiro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- Director Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[3] [gal]

- Alcalde de Ourense.
- Arquitecto da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia*.
- Un arquitecto do *Concello de Ourense*.
- Un arquitecto elixido a proposta dos concursantes.
- Dous arquitectos en representación do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, en adelante COAG.
- Actuará como secretaria, con voz e sen voto, a Subdirectora Xeral de Contratación da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia*.

Poderá invitarse ao xuíz Decano de Ourense (ou persoa na que delegue) para os efectos de que forme parte do dito Xurado.

[4.2] Constitución e acordos.

A súa constitución será declarada válida sempre que asistan, logo de citación, o presidente, o secretario e a metade do resto dos seus membros. Os acordos, en caso de disparidade de criterios, resolveranse por votación decidida pola maioría dos votos emitidos, decidindo o do presidente para o caso de empate.

[4.3] Facultades

O xurado, previo análise e avaliación dos traballos presentados ao concurso, propoñerá ao Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a resolución do mesmo, observando os seguintes criterios:

- A funcionalidade da mesma (ata 20 puntos).
- A relación calidade/custo (ata 20 puntos).
- Encaixe orzamentario dentro das previsións da Administración (ata 20 puntos).
- A calidade técnica da solución (ata 15 puntos).
- A calidade estética do conxunto (ata 15 puntos).
- A adecuación ao contorno (ata 10 puntos).

Poderá así mesmo, mediante informe razoado, propoñer que se declare deserta, en todo ou en parte, a adxudicación dos premios.

[5] Premios

Establécense os seguintes premios co IVE incluído:

- Un primeiro premio de nove mil douscentos euros (9.200 €).
- Un segundo premio de catro mil seiscentos euros (4.600 €).
- Ata catro accésits, a xuízo do xurado, de dous mil trescentos euros cada un (2.300,00 €).

O proxecto gañador deberá someterse ao Visado do COAG.

O aboamento dos premios levarase a cabo mediante transferencia bancaria á conta indicada polo

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[4] [gal]

concurante.

A obtención do primeiro premio outorgará ao gañador o dereito para os efectos de optar á adxudicación, polo procedemento negociado previsto no artigo 158.d) da LCSP, dun contrato consistente na redacción do proxecto básico e de execución (incluído o estudo de seguridade e saúde) en misión completa. O importe do premio en metálico percibido polo gañador do concurso terá a condición de aboamento a conta dos honorarios de redacción do devandito proxecto, sempre que lle sexa adxudicada a súa redacción polo procedemento negociado sen publicidade. Neste caso inclúe a obriga de presentar unha maqueta da solución gañadora.

A adxudicación do antedito contrato polo indicado procedemento subordínase, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria adecuada para o efecto, así como á acreditación, no dito momento, dos requisitos para contratar coa Administración a que se refiren os artigos 43 e seguintes da LCSP e desenvolvidos no título II do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no sucesivo RXLCAP.

[6] Desenvolvemento do concurso e prazos.

Este concurso de ideas vaise realizar mediante tramitación anticipada ao abeiro e de conformidade co establecido no artigo 94.2 da LCSP e na *Orde da Consellería de Economía e Facenda*, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas *Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001*, polo que queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

O aboamento dos premios e custos derivados do mesmo serán aboados con cargo á aplicación presupostaria 06.01.131A.622.0. dos ornamentos xerais da *Comunidade Autónoma de Galicia* para o ano 2009.

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes fases.

FASE I. Presentación de solicitudes e documentación (anónima).

[6.1] Retirada de bases e documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no DOG poderán ser retiradas as bases deste Concurso de ideas:

A. En formato papel na subdirección xeral da Contratación da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, sita nos edificios administrativos da *Xunta de Galicia* en San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, ou no perfil do contratante da dita consellería, www.contratosdeg Galicia.es.

B. Na páxina web do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*: www.coag.es, ou en formato papel en calquera das súas delegacións.

Calquera consulta que se necesite facer por parte dos concursantes tras a recepción de dita documentación, e previa ao prazo de entrega das instancias, poderá realizarse a través dun formulario anónimo na páxina web do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* (<http://www.coag.es>), onde se

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[5] [g a l]

publicarán as consultas e respostas que sexan de interese, como unha FAQ do concurso de ideas.

[6.2] Forma de presentación e prazos.

A documentación (composta polos sobres Nº 1, Nº 2 e Nº 3 presentarase en embalaxes cerrados e lacrados, figurando no seu exterior as seguintes lendas:

- SOBRE Nº 1:
- "Concurso de anteprojectos arquitectónicos para a construción dun novo edificio xudicial en Ourense".
 - "CONTÉN OS DATOS DO CONCURSANTE".
 - "LEMA": (5 letras e 3 díxitos).
- SOBRE Nº 2:
- "Concurso de anteprojectos arquitectónicos para a construción dun novo edificio xudicial en Ourense".
 - "DOCUMENTACIÓN DO ANTEPROXECTO"
 - "LEMA": (igual que o sobre Nº 1).
- SOBRE Nº 3:
- "Concurso de anteprojectos arquitectónicos para a construción dun novo edificio xudicial en Ourense".
 - "PROPOSTA DO ARQUITECTO COMPOÑENTE DO XURADO EN REPRESENTACIÓN DOS CONCURSANTES".
 - "LEMA": (igual que o sobre Nº 1).

[6.2.1] Contido do SOBRE Nº 1 (Datos do concursante. Embalaxe único).

- Solicitud de participación (segundo modelo Anexo I).
- Documentación acreditativa da personalidade do concursante e, no seu caso, a súa representación, expresando claramente o arquitecto director do equipo, acompañando a copia compulsada da titulación, ou certificación da colexiación.
- Para o caso de concorrer conxuntamente varias persoas físicas ou xurídicas, de conformidade co disposto no artigo 48 LCSP, cada un dos membros que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 64 a) e 67 a) do LCSP e aos artigos 9 ao 20 do RXLCAP (Anexo II e Anexo III).

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que a unión temporal sexa eficaz durante a fase previa á adxudicación do contrato fronte á Administración, será necesario que o/s gañador/es indique/n en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a suscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso, conxunto e solidario, de constituírse en Unión Temporal de Empresas no caso de resultar adxudicatarios do contrato correspondente consistente na redacción do proxecto técnico. Dito escrito deberá designar á persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración.

A duración da unión temporal será coincidente coa do contrato ata súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A
NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN
NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[6] [g a l]

efectuase a adjudicación do contrato correspondente ao seu favor.

Se a presentación fose individual, presentando un equipo de colaboradores, deberá facerse constar o alcance do compromiso e a aceptación de cada un dos membros que o compoñen.

- d. Enderezo postal, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico (e-mail).
- e. Declaración responsable na que se faga constar a plena capacidade de obrar e de estar en condicións de acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional por calquera dos medios que se establecen nos artigos 43 e seguintes do capítulo II do Libro I da LCSP (segundo modelo do Anexo II).
- f. A **solvencia económica e financeira** deberá xustificarse mediante un informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais (artigos 63 e 64.a da LCSP).

Reputarase solvente o concursante que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica como participante no concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, para a construción dun novo edificio judicial en Ourense.

No suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais considerárase solvente o concursante que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por un capital equivalente ou superior ao importe da suma total dos premios (23.000,00 €) multiplicado por 1,5.

- g. A acreditación da **solvencia técnica** deberá xustificarse mediante unha relación dos principais servizos, de tipoloxía semellante á que constitúe o obxecto deste concurso de ideas, efectuados durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas, e beneficiarios, públicos ou privados, segundo o cadro que se relaciona de seguido.

Os servizos ou traballos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou se falta o dito certificado, mediante unha declaración do empresario. Na súa consecuencia, deberán acreditarse suficientemente mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente.

Cadro 1 (Artigo 67.a LCSP)

Relación de servizos semellantes nos últimos 3 anos

Denominación	Importe	Data	Beneficiario
--------------	---------	------	--------------

Reputarase solvente o concursante que declare ter executado en conxunto servizos semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior ao importe da suma total dos premios (23.000,00 €) multiplicado por 1,5.

- h. Declaración responsable na que se faga constar que en ningún dos membros que, se é o caso, constitúen o equipo, concorren as circunstancias ás que fai referencia o artigo 49 da LCSP. A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas coa *Comunidade Autónoma de Galicia*, de atoparse ao corrente do aboamento do *Imposto de Actividades Económica* (IAE) e de

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[7] [g a l]

atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa *Seguridade Social* (segundo modelo anexo III).

Poren, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das devanditas obrigas, o que eximirá da súa presentación posteriormente no caso de resultaren seleccionadas para premio, agás no suposto de que estivesen caducados, caso no que deberán presentar oportuna renovación dos ditos certificados.

- i. Certificación de entidade bancaria na que figure o titular e o nº de conta bancaria (20 díxitos) para, se for o caso, aboamento dos correspondentes premios.

[6.2.2] Contido do SOBRE Nº 2 (Documentación do proxecto. Pode conter dous ou máis embalaxes).

- a. Memoria descritiva, xustificativa e construtiva da solución proposta. O texto escrito poderá acompañarse de esquemas e debuxos e a súa extensión non deberá superar as 20 follas DIN-A4. Incluirá memoria explicativa de acordo cos criterios de selección establecidos no apartado 4.3 do presente prego.
- b. Presuposto estimativo, incluíndo medicións estimativas por partidas globais.
- c. Planos de relación e integración coa cidade. Posibles escalas: 1/5.000 e 1/2.000, nun máximo de dous.
- d. Plantas, alzados e seccións ás escalas adecuadas.
- e. Perspectivas.
- f. Poderanse presentar un máximo de TRES (3) paneis ríxidos de tamaño DIN A1.

Ademais, achegarase un CD que conterá a documentación gráfica da proposta, consistente nun arquivo .pdf ou .jpg de cada un dos paneis e, ademais, a documentación escrita en arquivos .doc ou .pdf. Os arquivos nomearanse co lema, seguido, se é o caso, do número de orde do panel.

Non poderá figurar en documento escrito ningún gráfico nin referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do LEMA (5 letras e 3 díxitos) baixo o que se presenta.

A documentación do anteproxecto do novo edificio xudicial deberá adaptarse á opción de emprazamento proposta polo *Concello de Ourense* no que atinxe ao seu futuro emprazamento.

Estes arquivos poderanse empregar tanto para posibles publicacións posteriores, coma para compilar nun CD que conteña todas as propostas e que poida ser repartido a todos os membros do Xurado con anterioridade ás súas deliberacións, para o estudo detallado de todas as propostas.

[6.2.3] Contido do SOBRE Nº 3 (proposición dun arquitecto como membro do xurado).

No interior deste sobre (respecto do que compre subliñar que só poderá presentarse un sobre por cada oferta), o presentador da oferta propondrá (Anexo IV) exclusivamente un arquitecto que, segundo o seu parecer, debería de formar parte do xurado encargado da selección das propostas.

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

**CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A
NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN
NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.**

[8] [g a l]

Unha vez abertos todos os sobres Nº 3 a *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* notificaralle o resultado ao arquitecto que máis votos obtíña. No caso de que este, por calquera causa, non poidera formar parte do Xurado, será elixido o seguinte que conte co maior número de votos, e así sucesivamente. No caso de empate, o arquitecto será decidido pola Consellería, a proposta do COAG, entre os profesionais que resulten empatados.

Unha vez que o arquitecto seleccionado polos concursantes acepte pertencer ao Xurado do concurso, farase pública a composición definitiva do Xurado na Web do COAG.

[6.2.4] Lugar e prazo de presentación

Os tres sobres entregaranse necesariamente na *Oficina do Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia*, sita no edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela. Á persoa que efectúe a entrega seralle expedido recibo onde figurará unicamente a clave, o número e data de recepción no Rexistro, para o único efecto de acreditar a presentación do dito sobre.

O prazo de presentación dos tres sobres rematará ás 14:00 horas do día sinalado no anuncio do DOG. As solicitudes que non figuren no poder do Rexistro transcorrido o devandito prazo, serán excluídas deste concurso de ideas.

Cando as proposicións se remitan por correo o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, fax +34 981 544239, ou telegrama no mesmo día (mediante a identificación co texto "Concurso de anteprojectos arquitectónicos para a construción dun novo edificio xudicial en Ourense" e indicación do lema).

Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remate o prazo sinalado no anuncio. Poren transcurridos 10 días naturais dende a data indicada sen se recibir a proposición, esta non será admitida en caso ningún.

Non poderá figurar nin no exterior dos sobres, nin no seu interior en ningún documento escrito nin gráfico, referencia que permita identificar aos membros do equipo redactor (coa excepción dos documentos identificativos contidos dentro do sobre Nº 1), distinto do LEMA (5 letras e 3 díxitos) baixo o que se presenta, sendo isto causa de exclusión.

FASE II. Proposta do Xurado e fallo do concurso.

[6.2.5] Proposta do Xurado.

A mesa de contratación (punto 6.2.6.) realizará a apertura do sobre Nº 3, en acto público que terá lugar na sede do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* en Santiago de Compostela, na data que se publicará no seu día.

Para determinar a persoa que formará parte do xurado como representante dos concursantes se recontarán os votos dos sobres Nº 3, elixindo ao arquitecto máis votado conforme ao especificado no

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[9] [g a l]

apartado 6.2.3.

O Xurado, logo da análise e avaliación dos anteprojectos (documentación do sobre Nº 2), emitirá o seu fallo, con carácter de proposta ao Conselleiro. O fallo será motivado e propondrá, como gañador, ao equipo redactor do anteprojecto que proporcione a resposta máis axeitada en relación coa finalidade deste concurso de ideas.

Así mesmo, o Xurado fará a correspondente proposta de asignación dos restantes premios, ata o máximo establecido no apartado 5 destas bases (premios).

O Xurado alcanzará o seu fallo segundo a súa composición e acordos establecidos no apartado 4.2., e aplicando os criterios referenciados no apartado 4.3. deste prego de bases.

En acto público, o xurado fará pública a súa proposta dando lectura aos lemas dos gañadores, e a continuación dará a coñecer as súas identidades mediante a apertura dos sobres Nº 1 que correspondan.

[6.2.6] Mesa de contratación.

Realizada a proposta do Xurado, a documentación persoal (sobre Nº 1) dos concursantes propostos como gañador e premiados será examinada por unha Mesa de Contratación composta por:

- A Subdirectora Xeral de Contratación da *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* da Xunta de Galicia, que actuará de presidenta.
- Vocais:
 - Un funcionario da *Dirección Xeral de Xustiza*, nomeado polo Director Xeral.
 - A interventora Delegada da *Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza*.
 - O letrado da *Xunta de Galicia*, asesor xurídico da *Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza*.
 - Persoa designada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
 - O xefe do Servizo de Supervisión de Obras e Proxectos da *Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza*.
 - O xefe do Servizo de Contratación da Subdirección Xeral de Contratación da *Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza*, que actuará de secretario da mesa de contratación.

A dita mesa procederá ao exame da devandita documentación persoal, para comprobar a concurrencia dos requisitos para contratar de acordo co establecido no título II do Real decreto legislativo 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e coa posibilidade, se é o caso, de solicitar a subsanación da documentación de acordo co establecido no artigo 22 do citado RDL.

O Conselleiro da *Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* poderá deixar sen efecto a concesión dalgún premio ou asignalo ao seguinte da lista de entre os propostos polo Xurado, se algún dos propostos como gañadores dun premio non acadara a solvencia e capacidade para contratar, segundo o

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

**CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A
NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN
NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.**

[10] [g a l]

apartado 6.2.1 e), tras proposta da mesa de contratación motivada e xustificada consorte á lexislación aplicable.

A *Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza*, en base ás actas redactadas polo Xurado e pola Mesa de Contratación, publicará, para xeral coñecemento, no prazo de 15 días hábiles, a lista dos gañadores no perfil do contratante e na páxina web do COAG, sen prexuízo da comunicación persoal a cada un dos gañadores e correspondente notificación aos restantes participantes neste concurso de ideas.

[6.2.7] Fallo do concurso.

Transcurrido o prazo referenciado no parágrafo anterior, o concurso resolverase, de forma definitiva, por resolución do Sr. *Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*.

[7] Propiedade dos traballos e dereitos das partes.

Os autores dos traballos conservarán a súa propiedade intelectual, cedendo os seleccionados á *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* os correspondentes dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública, para os efectos de que a *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* poida publicar e expoñer os traballos presentados, debendo citar a súa procedencia e autoría.

Quedará en propiedade da Consellería toda a documentación admitida ao concurso.

[8] Obrigas dos concursantes.

Os concursantes obríganse, pola súa presentación ao concurso, á aceptación das presentes bases.

A *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* e o *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*, con posterioridade á decisión do Xurado, organizarán unha exposición na que publicarán os traballos premiados, sen autorización previa dos autores dos mesmos. Poderán, igualmente, expoñer ou publicar todos os traballos presentados salvo que, con posterioridade á publicación da decisión do Xurado e no prazo de 10 días naturais, se indique por escrito a vontade dos seus titulares no senso contrario.

Así mesmo os concursantes asumen, para o caso de seren gañadores, someter o proxecto ao visado regulamentario do *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*.

[9] Anuncios.

O importe dos anuncios deste concurso de ideas serán obxecto de publicación nos boletíns, diarios oficiais ou na prensa, se procedese, e serán aboados polos gañadores dos premios en partes proporcionais aos importes dos premios obtidos.

[10] Idioma.

Todos os concursantes presentarán a súa documentación, así como todo tipo de correspondencia escrita que establezan coa Administración en relación ao presente concurso, en lingua galega ou en castelán, consorte aos seguintes artigos: o artigo 3 da vixente Constitución do 27 de decembro de 2008, o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, do 6 de Abril) e o artigo 35.d e 36 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[11] [gal]

[B] SEGUNDA PARTE. CONDICIÓN TÉCNICAS

[11] Situación. Emprazamento.

O anteproxecto do novo edificio xudicial deberá adaptarse á opción de asentamento proposta polo *Concello de Ourense* para o futuro emprazamento.

[12] Programa.

Especificacións técnicas.

Deberá tratarse dun anteproxecto e prever tamén a decoración, amoblamento e sinalización interior, ademais do tratamento dos espazos exteriores (accesos, aparcamentos, etc.) e as obras de urbanización do entorno que resulten necesarias para a axeitada utilización das devanditas instalacións.

Características de deseño.

O anteproxecto do novo edificio xudicial dará resposta arquitectónica axeitada aos requerimentos funcionais, estéticos e técnicos esixibles nun edificio destas características, de tal xeito que permita conxugar a súa presenza institucional e necesaria integración no emprazamento proposto coa funcionalidade que resulte dos diversos usos aos que se destinará.

Con todo compre recalcar que na súa concepción deberá ser obxecto de especial atención o cumprimento das disposicións vixentes en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas (Lei 8/1997, do 20 de agosto e Decreto 35/2000, do 28 de Janeiro); e de protección contra incendios, utilización e aforro enerxético, segundo os DBs vixentes do Código Técnico de Edificación, para os efectos de garantir as mellores condicións de uso; ademais de respectarse as determinacións que establece a normativa urbanística vixente.

Programa

O deseño do novo edificio xudicial de Ourense deberá responder aos requerimentos que se sinalan seguidamente, e que se propoñen como opcións, se ben cabe a posibilidade de propoñer posibles alternativas sempre que cumpran o programa. Hai que ter en conta que as necesidades de distribución de espazo poden variar, polo que se valorará especificamente a flexibilidade das súas plantas no senso de que permitan nun futuro adaptarse ás distintas necesidades que poidan xurdir.

O novo edificio xudicial de Ourense deberá ter capacidade para albergar o conxunto dos órganos xudiciais que con posterioridade a este momento se determinen en atención ao dimensionamento actual e futuro da planta xudicial ourensá, tendo en conta a posibilidade de ubicar no dito edificio os órganos xurisdiccionais de nova creación e, se é o caso e tras o oportuno traslado, os xa existentes con anterioridade.

Consonte ao contido do Plan de Modernización da Xustiza aprobado polo Consello Xeral do Poder Judicial o 12 de novembro de 2008, compre subliñar a necesidade de adaptar o mentado anteproxecto aos eixos fundamentais do dito plan.

Neste senso destacar que se deberá prestar especial atención ás seguintes materias, materias que o dito plan de modernización considera como liñas básicas de actuación:

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[1 2] [g a l]

A implantación da nova oficina xudicial:

Este concepto abrangue a definición e a implantación homogéneas dos servizos comúns procesuais así como a reestructuración destes e das unidades administrativas que levan asociadas.

A nova “oficina xudicial” é o conxunto de medios persoais, materiais e tecnolóxicos que rodean ao xuíz no desenvolvemento cotián do seu traballo.

A propia Lei Orgánica do Poder Xudicial sinala que a posta en marcha da nova estrutura debería realizarse baixo os principios de “axilidade, eficacia, eficiencia, racionalización do traballo, responsabilidade pola xestión, coordinación e cooperación entre as Administracións”.

A oficina xudicial tipo estará constituída por:

- Despacho de xuíz/a.
- Despacho de secretario/a.
- Oficina xudicial con posibilidade de subdivisión.
- Zona de usos varios (conciliacións, declaracións, entrevistas, etc.).
- Núcleo de circulacións, instalacións e servizos.

Cada órgano xudicial poderá usar calquera das salas das vistas situadas, a ser posible, na planta baixa. A superficie para as salas de vistas estará definida entre 60 m² e 120 m², segundo os usos ós que vaia destinada.

Estes obxectivos, segundo o Goberno, só poden conseguirse se se establece unha nítida distribución de funcións entre os distintos axentes que interveñen no proceso, dotando aos xuíces das funcións que en verdade lles outorga a vixente Constitución, isto é, o exercicio da potestade xurisdiccional en todo tipo de procesos xulgando e facendo executar o xulgado.

O deseño da nova oficina xudicial liberará aos xuíces da calquera labor burocrático, permitíndolles adicar todo o seu tempo a dictar sentencias e resolver os litixios dos que coñecen, o que, na súa consecuencia, implica o desenvolvemento da función que a Constitución lles encomenda.

Tamén debe atenderse á distribución de competencias entre xuíces e secretarios xudiciais, que son, os secretarios xudiciais, peza clave nos obxectivos da nova oficina xudicial. Trátase dunha figura que estivo desaproveitada na lexislación vixente e que se reforza como un especialista de alto nivel competencial. Dende este momento convértese na pedra angular da oficina xudicial de novo deseño.

Os obxectivos deste proxecto se concretarán nunha maior eficacia e axilidade da xustiza, conseguindo a resolución final dos asuntos nun tempo notablemente inferior ao que transcorre na actualidade. En definitiva, trátase de responder á demanda cidadá de ter un mellor servizo público á hora de acceder á Xustiza.

Permanece dentro do ámbito das competencias dos xuíces e tribunais a incoación do procedemento mediante a admisión da demanda, a denuncia ou a querela.

Poren, antes de que o xuíz ou o tribunal se pronuncien sobre as dita admisións, o secretario xudicial poderá comprobar o cumprimento de todos os requisitos formais necesarios, facilitando o labor dos anteriores.

No que atinxe á terminación do procedemento, a reforma tamén faculta ao secretario xudicial para que

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

**CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A
NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN
NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.**

[13] [gal]

poida dictar decreto que poña fin a este cando exista unha falta de actividade polas partes ou se chegue a un acordo.

A aplicación das novas tecnoloxías:

Esta medida concrétese na que se ven denominando e-xustiza, que acada o seu máximo nivel de desenvolvemento no que atinxe ao tratamento da transparencia e da accesibilidade, e isto de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e na L.O. 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos.

En relación con este extremo resulta obrigada unha referencia á mellora da organización e da oficina xudicial, sistema que permite e esixe o deseño dunha estrutura innovadora, como a que supón, e se propón, de implantación dun novo espazo no edificio xudicial, isto é, unha zona de espera común que permita un tratamento áxil dos chamamentos que, en virtude de distintos títulos, se estean a desenvolver nos órganos xudiciais, de tal xeito que, contando co correspondente soporte informático, permita a devandita xestión mediante a utilización de paneis electrónicos luminosos que conteñan a información actualizada dos xuízos que se celebren cos seus conseqüentes chamamentos.

Este tipo de actuacións ou intervencións concretarase nunha notable mellora na calidade do servizo de atención ao cidadán e, asemade, permite cumprir con outro dos eixos fundamentais do plan de modernización da xustiza recentemente aprobado, como é a puntualidade, a denominada xustiza máis atenta e, finalmente, supón o establecemento dun carácter menos gravoso das comparecencias perante os órganos xudiciais.

**[13] Documentación que se entrega aos
concurstantes.**

A que se relaciona no “anexo IV” deste prego de bases.

BASES



CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO XUDICIAL EN OURENSE.

[14] [gal]

[C] TERCEIRA PARTE. RÉXIME XURÍDICO.

O funcionamento, convocatoria e acordos do Xurado axustarase ao establecido na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común para os órganos colexiados e polos acordos que ao efecto adopte, así como, no procedente, á Lei 30/2007, do 30 de outubro, pola que se aproba a Lei de Contratos do sector público e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo aquilo que non se opoña á LCSP.

A Resolución dictada polo *Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, en relación co presente concurso, porá fin á vía administrativa e contra a devandita resolución procederá a interposición do recurso Contencioso-Administrativo, consonte ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición ante o propio Conselleiro.